


Instituto GeoGebra de Galicia



Acta da reunión do Instituto GeoGebra de Galicia (IGG), celebrada o venres **21 de outubro**, de 17 a 19 horas, na Cafetería do Auditorio de Galicia (Campus Norte), en Santiago de Compostela.

Orde do día:

1. Tradución ao galego do GeoGebra 4.
2. Páxina web do IGG.
3. Presentación do GeoGebra 4 en Galicia.
4. Cursos a distancia de GeoGebra 4.
5. Rogos, preguntas.

Membros asistentes

- Esperanza Canalejas
- Esperanza Gesteira Losada
- Fernando Zacarías Maceiras
- Ignacio Larrosa Cañestro
- José Luis Valcárce Gómez
- M^a Jesús Casado Barrio
- Enrique de la Torre Fernández

1. TRADUCIÓN AO GALEGO DO GEOGEBRA 4.

Dende o Instituto GeoGebra Internacional (IGI) fíxose a solicitude de voluntarios para traducir a nova versión, GeoGebra 4, a varios idiomas, entre eles o galego. Todos os presentes temos claro e aprobamos por unanimidade que o IGG vaise ocupar de facer a tradución ao galego do GeoGebra 4.

As instrucións para facer a traducción son as seguintes:

- Hai que entrar na páxina: http://wiki.geogebra.org/en/Translation_GUI
- No apartado 'Attesoro Editor' hai que descargar o arquivo 'attesoro.jar'. Este é o programa que permitirá facer a tradución dos correspondentes arquivos.
- Logo hai que ir, nesa mesma páxina, ao apartado 'Download properties zip file'. Aí nos dirixen á páxina <http://www.geogebra.org/source/translation/gui/>, onde temos que descargar o arquivo comprimido 'geogebra_prop_40_20111031.zip'.
- Descomprimos este arquivo e no sub-cartafol 'properties' están todos os arquivos que hai que traducir, así como as correspondentes traducións.
- Para facer a tradución de cada un dos arquivos, temos que abrir o programa 'attesoro.jar'. No menú 'File', seleccionamos 'Open', alí buscamos o cartafol

‘properties’ que descomprimos, e imos seleccionando os arquivos para traducir.

- Os arquivos que se van traducir son os seguintes: command.properties, error.properties, menu.properties, plain.properties, wiki.properties, colors.properties, tube.properties, navigation.properties, javaii.properties,
- Comezamos por abrir o arquivo command.properties. Non abrimos o arquivo command_gl.properties, que é o arquivo traducido.
- Unha vez aberto o arquivo command.properties, na xanela superior esquerda aparecen as traducións deste arquivo, seleccionamos ‘Galician’ e na xanela de debaixo aparecen todos os comandos que se teñen que traducir: en cor azul aparecen os non traducidos e en cor negra aparecen os que xa están traducidos ao galego (aínda que algún non moi correctamente)
- Para ir traducindo, na xanela inferior esquerda imos seleccionando as palabras, debaixo de ‘Key’. Ao seleccionar a primeira, esta aparece na xanela superior dereita: debaixo de ‘Default text’ está o texto orixinal, en inglés, e debaixo de ‘Translated text’ podemos escribir a tradución que queiramos ao galego.
- Una vez escrita a tradución dese comando, prememos ‘Ctrl+N’ e eso fai que se grave a tradución que vimos de facer e aparece o seguinte comando para traducir. Continuamos así o proceso ata o final da lista de palabras.
- Na páxina http://wiki.geogebra.org/en/Translation_GUI hai indicacións sobre algún dos arquivos que se van traducir.
- Na páxina <http://wiki.geogebra.org/en/Category:Translation> hai máis información sobre as traducións.
- Una vez rematada a tradución dos arquivos, debemos xuntalos todos nun zip e os enviarllos ao IGI.

Entre os presentes xa se fixo o reparto para traducir algún dos arquivos, que son os seguintes: command.properties, error.properties, menu.properties, plain.properties e colors.properties,

2. PÁXINA WEB DO IGG.

Segundo se resolveu na última reunión da Xunta Directiva de Agapema, xa dispoñemos dos permisos para poder colocar información sobre o IGG na páxina web de Agapema, no enderezo: www.agapema.org/geogebra. Nos vindeiros días iremos facendo o traslado, polo que proximamente xa deixará de estar operativa a páxina provisional que utilizábase ata agora: www.agapemacoruna.com/igg

3. PRESENTACIÓN DO GEOGEBRA 4 EN GALICIA.

Nas pasadas JAEM, en Gijón, xa se falou con José Luís Álvarez García, para pedirlle que se ocupara de facer a “Presentación de GeoGebra 4 en Galicia”, durante unha xornada, na Facultade de Matemáticas de Santiago de Compostela, cousa que aceptou.

A idea é facelo durante todo o día dun sábado, tendo pola mañá a presentación do proxecto Gauss do ITE, e pola tarde un obradoiro de GeoGebra 4.

Falarase co Decanato da Facultade de Matemáticas, para ver a maneira e o día para organizalo e tentarase dar a maior publicidade a este acto, para que poidan asistir compañeiros de toda Galicia.

4. CURSOS A DISTANCIA DE GEOGEBRA 4.

Xa se falou tamén durante as JAEM con representantes da FSPEM e estamos a espera de que se poida organizar un curso de GeoGebra 4, a distancia, na plataforma de Federación.

5. ROGOS, PREGUNTAS.

Non houbo rogos nin preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 19 horas.